



FICHA TÉCNICA NÚMERO/ÚLTIMA REVISIÓN: 5100/180518
CERTIFICACIÓN ISO 9001:2015 N° CA-1.092. LABORATORIO AUTORIZADO N° 046/GA/SA680A

PRODUTO

CLASIFICADORAS DE PEIXES PLANOS

DESCRIPCIÓN

Clasificadoras de peixes planos (rodaballo, linguado, platixa, fletán, etc.) de **alta precisión** ($\pm 0,1$ g). Permiten a clasificación de exemplares desde 1 g ata 3 kg de peso corporal, favorecendo a **redución do canibalismo**, a **homoxeneidade** dos lotes e o **crecemento** do cultivo. Diseñadas especificamente para peixes planos, incorporan un sistema especial de rodos continuamente irrigados por auga que aseguran o paso suave dos peixes pola máquina. Posúen saídas para peixes clasificados en ambos os lados da estrutura. Construídas con materiais de primeira calidade que garanten o bo estado da máquina durante anos cun **mantemento mínimo**. Inclúen un sistema especial de elevación e achega de auga que permite manter os peixes en posición correcta durante o transporte en vivo. O sistema de saída permítelle ao operario manter auga no fondo da estrutura continuamente, minimizando o estrés de manexo. **Máquinas moi lixeiras e facilmente manexables.**

CARACTERÍSTICAS

Modelo A: 3 canles de selección. Tamaño de clasificación: de 1 g a 100 g. Accionada por 2 motores eléctricos de 0,5 Kw. 1 velocidade, 220/380 V.

Modelo B: 3 canles de selección. Tamaño de clasificación: 2 g a 1 Kg. Accionada por 2 motores eléctricos de 1 Kw. 2 velocidades, 220/380 V.

Modelo C: 4 canles de selección. Tamaño de clasificación: 5 g a 3 Kg. Accionada por 2 motores eléctricos de 1 Kw. 2 velocidades, 220/380 V.

Construcción en acero inoxidable AISI 318L, aluminio resistente á corrosión e polietileno P40.

Para maior información consulte coa nosa oficina comercial en ventas@acuinuga.com.


PREZO ORIENTATIVO*

Modelo A: 9.540 €


Modelo B: 18.240 €

Modelo C: 26.700 €

*os prezos non inclúen IVE nin gastos de transporte ao destino



Modelo A



Modelo B



Modelo C